

A directora de Turismo de Galicia, Nava Castro, en data 22 de maio de 2023, participou no Consello de Turismo que aprobou, en sesión extraordinaria, a declaración do concello de Muíños como municipio turístico.

O Consello de Turismo, segundo a documentación presentada, emitiu informe favorable a declaración do Concello de Muíños como municipio turístico, ao abeiro do disposto no artigo 15 do Decreto 32/2015, do 19 de febreiro, polo que se regula a declaración de municipio turístico.

Dende o Concello de Muíños mostramos **a nosa profunda satisfacción e orgullo** por esta declaración, froito dun proceso longo e complexo no que destacamos a dedicación do persoal municipal e a colaboración e asesoramento dos responsables autonómicos en Turismo.

Trátase dunha excelente noticia para o noso Concello, que permitirá incrementar a promoción dos recursos culturais, naturais e patrimoniais, un obxectivo principal no que esta Corporación centra os seus esforzos ano tras ano.

O Alcalde, Plácido Álvarez Dobaño